

A vis erothica na poesía de Yolanda Castaño: *Erofanías*

Rosa Enríquez

[Recibido, febreiro 2010; aceptado, abril 2010]

RESUMO Reprodúcese a intervención de Rosa Enríquez no acto de presentación do libro *Erofanías* (2009), da poeta Yolanda Castaño, que tivo lugar o 14 de decembro de 2009 na librería Couceiro de Santiago de Compostela. Sinálase, en primeiro lugar, que *Erofanías* se nutre doutros tres poemarios da autora, concretamente de *Elevar as pálpebras* (1995), *Delicia* (1998) e *Vivimos no ciclo das Erofanías* (1998), para, a seguir, facer un breve percorrido por estas tres obras.

PALABRAS CHAVE: poesía dos noventa, provocación, sexualidade, silencio, suxestión, Yolanda Castaño.

ABSTRACT This is a transcription of Rosa Enríquez's contribution to the launch of the poet Yolanda Castaño's book *Erofanías* (2009) on the 14th of December 2009 in Couceiro's Bookshop in Santiago de Compostela. She notes the relationship between *Erofanías* and three earlier poetry collections by Castaño, *Elevar as pálpebras* (1995), *Delicia* (1998) e *Vivimos no ciclo das Erofanías* (1998), and takes a brief look at these three collections.

KEYWORDS: 1990's poetry, provocation, sexuality, silence, suggestivity, Yolanda Castaño.

133

Boa tarde a todos e todas e grazas por virdes hoxe aquí, á librería Couceiro. Grazas tamén a Yolanda Castaño por convidarme a compartir este momento con ela, con Miguel Anxo Fernán-Vello e mais con Lupe Gómez, outra poeta que aprecio moito.

Penso que é este un acto importante, pois presentar un libro sempre o é, por moitos que se teñan publicados. Creo isto por unha razón moi sinxela: detrás do material físico latexa sempre unha historia. Neste caso, *Erofanías* contén no seu van tres, pois tres son os libros que compila, que están directamente vinculados á traxectoria poética de Yolanda Castaño. *Elevar as pálpebras* (1995), Premio Fermín Bouza Brey no ano 1994, por exemplo, supuxo a primeira publicación da poeta. Así que aí temos a primeira historia, a da satisfacción de dar a luz o primeiro poemario. Logo veu *Delicia* (1998), que significou

a continuación do traballo anterior, perfilando o delicado magma poético sensorial cunha potencia sorprendente, deliciosamente poderosa. Esa é a segunda historia, a de constatar a continuidade de non abandonar o verso como modo de expresión. E xa, para completar a visión do que até ese momento foi “acto”, pero tamén “potencia”, pois moito mellor aínda era o que faltaba, Yolanda Castaño consagrouse con *Vivimos no ciclo das Erofanías* (1998) ao recibir o Premio da Crítica, un recoñecemento que a calquera escritor ou escritora lle agradaría poder merecer. Eis, xa que logo, a terceira historia, a da celebración polo mérito acadado sendo aínda tan nova.

Eu farei hoxe aquí un breve percorrido por estas tres obras e, para comezar, lerei uns versos do seu primeiro libro:

Inesgotablemente abrir as comportas.
Erguerse e saciar esta alba saborosa
entre ondas de aceite e gargalladas de laranxa temperá. Coma dous nenos
que somos.
E unha e outra vez abrir tódalas fiestras abrir
tódalas portas.
Vomitara tantas cousas que gardamos tanto tempo.
Labirintos de xogos e esa danza terrible
dun espectáculo de sombras.

134

Deste xeito irrompeu Yolanda Castaño no mapa poético dos noventa, erguendo as pálpebras, pintando as palabras dun vermello incendiario, potente e vigoroso. Audaz no xogo verbal, desprendeuse do traxe pegado á pel e agasallounos con ese magma densísimo daqueles versos nidiamente tecidos por onde podíamos “*Beber leite*” e palpar o *veludo* (lume) *albar* que asomaba suave “*polas comisuras da boca rosa*”.

O edificio poético de Yolanda abría unha fenda nova. Chegaba, como moi ben apuntou Miguel Anxo Fernán-Vello, cunha “espontaneidade de fonte, unha visión que no espello da linguaxe produce unha frescura admirábel, poderosa, entre tanta paisaxe morta que adoran e pisan os poetas decadentes de letra e espírito”. Deixounos versos, como quen deixa un tapiz, por onde o corpo feminino transitaba libremente, fóra do seu envase, ingrávulo, debuxado con trazos finos, elegantemente dispostos, sen renunciar á verticalidade líquida que ardía en cada frase cunha densidade violenta, e atrapounos.

Non temía a Yolanda adolescente ás palabras nin á beleza, é máis, soubo administrar debidamente as cadencias sonoras dos versos, afondou no pozo branco, no abismo salvaxe que vive dentro de nós. Fíxoo coa pluma, coa varinha máxica da maga (meiga, fada), deixando sempre espazos en branco onde o lector podía atopar un oco no que situarse para formar parte do poema en si mesmo.

Digo isto porque considero a suxestión e a insinuación, parte importante do seu construto poético. Daquela interésame moito o que non di, o que, como lectora, podo intuír no silencio da súa escrita.

Un silencio que interactúa con quen le coma un xogo delicioso. Todo depende do estado de ánimo do lector e das ganas de soltarse. E é por isto precisamente polo que resultou sorprendente o seu discurso.

Teresa Seara refírese a isto mesmo con moito tino ao analizar a actitude do eu-poético en *Delicia* que, nalgúns casos, se presentaba máis silandeiro aínda, para volverse, de socato, lento e violento, mesmo ameazante e sentencioso: “A historia demóstranos que a memoria sempre castiga co seu/ fol impertinente”.

135

Así, Seara afirma que a voz de Yolanda Castaño nos enlea “nunha maraña de silencios que son a forma natural de expresión daquela que se consagra ó culto do mutismo”. Creo que este mutismo é unha escolla que se inicia co primeiro poemario, do que eu estaba a falar agora, *Elevar as pálpebras*, e que irá *in crescendo* conforme a muller medra por dentro.

Cripticismo? Podería ser, mais eu prefiro quedar coa proposta integradora de completar a mensaxe, de poder participar na idea, aumentala, darlle forma persoal nun exercicio de autopoética por parte do lector que ten a porta, “irremediabelmente”, aberta para construír na propia mente os versos non escritos que encherían eses ocós físicos, situados estratexicamente pola autora.

Refírome, insisto, ao gusto que sente por non dicilo todo, algo que xera, polo menos no meu caso, o desexo de indagar nas palabras futuras, esas que non foron escritas de xeito voluntario.

Por iso, entrar nos versos de Yolanda Castaño é sempre un paseo inquietante que queda claro, por exemplo, nos versos finais de *Delicia* que, sen dúbida

da, daban paso á potencia bestial do que nos tiña preparado, esa espiral poética de contornos nun ciclo de tebras e luz:

QUÉN preservará todos os contornos da conciencia.
Quén ha de revelar o meu nome descoñecido,
o meu impúdico nome que codifica e devora.
Quén pode prescribir tantos equívocos moldes
por encima desta fiestra construída polo corpo.
Quén haberá que incorpore esta razón esta memoria
cara a un ciclo impertérito de tebras e de luz?

Queda claro, polo menos eu así o vexo, que a poeta provoca a inquietude, un certo desasosego lector, penetrante, fondo. Eis o acerto de Yolanda, a xenialidade de suscitar a intriga, as ganas de saber, de coñecelo todo.

A novidade, neste modo peculiar de dicir, precisa dun lector/a atento e desprexuízado que se deixe ir, sen caer, como ela mesma di, na

Hipermetropía comatosa baixo un teito
convencionalísimamente establecido.

136

Abrirse, entrar e profanar, desprexuízar, quitar as cargas pesadas é o que fará que poidamos saír fóra do “cálido búnker”, do “castelo tácito dictatorial”.

É este afán por suxerir un xogo aberto o que permeabiliza as paredes dos poemas para que poidamos, como dicía antes, entrar neles, mergullarnos coma se fosen un mar aberto, unha praia dourada. Eis a novidade, a frescura dese xogo léxico de suxestións, a achega que Yolanda fixo, no seu día, á creación poética, algo que practicamente todas e todos lle recoñecemos abertamente.

E para aqueles ou aquelas que se resistan recollo aquí a aguda visión lúcida de Xabier Cordal sobre o talento e a coraxe da autora:

Yolanda rompe a crisálida prevista e lanza a súa valentía profesional a sobrevivir nun sistema literario que tantas veces queda satisfeito laíándose da precariedade. A proba do que afirmamos arriba, a proba de Yolanda Castaño como un dos símbolos xeracionais, é que autores destes novísimos, novísimos por idade, afinan as súas armas de promoción disparando contra o que ela representa.

Resulta evidente que Cordal incide, con estas palabras, no duro choque entre a infamia e a realidade estendendo imperiosa os seus dominios, a saber,

que os brazos da poeta atinxen as almas de moitos/as lectores/as que, “inesgotablemente”, mercan e len o que escribe.

Se houberse un “Libro das Verdades Poéticas” seguramente tería moito que ver con *O libro da egoísta* (2003) e esa aceda autocrítica do eu-lírico de Yolanda multiplicado, constituíndo un círculo que apuntala á que soubo “venderse ben e coñece o final”.

Menciono aquí este libro, aínda que sei que *Erofanías* compila só os poemas de *Delicia*, *Elevar as pálpebras* e *Vivimos no ciclo das Erofanías*. Fágoo porque penso que nel agroma xa a Yolanda adulta, a que quita as túnicas que lle puideran quedar baixo a pel dos anteriores poemarios, a que abre o camiño cara á *Profundidade de campo* (2007), traducido ao español *Profundidad de campo* (2009) e polo que vén de recibir o premio Ojo Crítico no Estado español. Neste último libro, atopamos unha sincera e ardorosa visión da propia vaidade, non menor que a de tantos outros ou outras que só saben escoitarse a si mesmos/as, o que non deixa de ser, de certo, unha lamentábel autocomprancia inconsciente, acochada detrás dos ollos e das bocas que, en moitos casos beben, como moi acertadamente indicaba Cordal, das fontes da que se bautizou como a pertencente á estirpe de Adnaloy, ou o que é o mesmo, Yolanda do outro lado do espello, a propia antimateria poética, a que debulla a fraude, *maquillada de rosa*.

Pero volverei atrás, a *Delicia* da poeta adolescente, aos primeiros pasos daquela que dicía “Eu só quero pintar”. Pintar como evasión, para sobrevivir á ausencia do corpo desexado, porque *Delicia*, á marxe da voluptuosidade verbal do principio de caldo de azucre e zumes saborosos, é a historia dun proceso biolóxico, o relato da emoción palpitante de gozar. A que escribe coñece perfectamente a caducidade do deleite e deseña “óleos mestos en texturas trenzadas” para enfeitizar o amado nos tempos de luz.

E neses mesmos óleos mostrou tan ben a poeta os significantes do amor, ou do que dá comezo a tan privilexiada emoción química, que o propio abanear das páxinas ao ler cada liña escrita nos tora as inguas, nos incita delicadamente a arder nas sombras das sabas con ela.

Para corroborar a plasticidade da que estou a falar, asomade os ollos, por exemplo, a versos coma estes:

Tronco que abanea como enfermo de urxencia
Brazos ondulantes coma talos melancólicos
Todo se remexe baixo a música invisible.

Os pés desprazando un corpo en liñas tan sinuosas.
As miñas coxas saúdan coma pálpebras moi lentas
cando emerxen as cadeiras para imitar berces brancos.

Semella isto un fermoso retrato do sexual coa muller como suxeito a estremecer nas redes do corpo buscado, obsesivamente, entre palabras que emerxen elásticas, nese reino dos sentidos polo que nos conduce a autora. O sexo é aquí un doce lenísimo, de ambrosía, marmelo, licores adoçados con caldo de azucre, xarope a chorros... Unha delicia.

Esta sexualidade desenvólvese nun certo equilibrio de forzas. Por un lado, os amantes e a súa ledicia, ese ciclo impertérito de luz prodixiosa que engaiola e arrastra. Por outro, o escenario que precederá ao ciclo das tebras e da ausencia, onde a autora carga as tintas no azul, na grisalla da cidade, na paisaxe que estremece ante os ollos co movemento do autobús, coma unha pintura hiperrealista de impresións, crúa, en claro contraste co arco da vella de sabores.

138

Deste xeito, a poeta revisa o antigo exordio primaveral da poesía clásica ofrecéndonos, agora, no canto dunha paisaxe idílica de flores e herba fresca, outro contexto totalmente diferente que carece absolutamente de flores e marabillas.

Estamos aquí ante un pradairo urbano de autobuses e xordeira onde a ausencia ten forma de silencio íntimo e secreto, de soidade no conxunto:

O ceo está azul e hoxe é mércores tarde.
Moito me presta esa obscena solitariedade dos autobuses.
E recollerme na paz de xordeiras deshidratadas.

E continúa máis abaixo, neste mesmo poema, transcribindo ese desexo de silencio, esa urxencia devota por falar para dentro:

Calar, calar. Ollar que corren nos lados as paisaxes que non me /importan.

Así imos intuindo o que virá detrás, o que queda despois da felonía, ese castigo que, como explica Seara, infrinxe a maga ao corpo que marchou, un corpo

de “heroe levigado”, condenado a RE-vivir noutros o sexo da maga: “Quero correr cara a ti cara onde o incendio te convoca”.

O *súbdito*, o *heroe levigado*, o que protagonizou con ela *unha fábula preciosa*, aquel *dragón na gorxa*, o *príncipe de transcendencia intanxible* desaparecerá nun ciclo impertérito de tebras, nun morno paseo de corredores que resoarán o seu nome até que, finalmente, esmoreza, e o relato fisiolóxico da ardentía íntima feche a xanela, coloque un punto e á parte para abrir outras máis amplas, algo que xa visualizaremos nos versos do seu poema titulado “A FELONÍA”:

Dígovos que esta praia de tépedas de ouro
glorifica cada louca sabotaxe de aramiadas
de vivir sen fiestras.

Porque fechar a ventá para quen arela saltar arames e sentir no corpo a ingravidez da liberdade é algo puntual, un tránsito que, irremediabelmente, remata nun fondo que se ilumina coa porta aberta cara aos ciclos de lume que arden dentro.

Todas e todos vivimos nun cambio constante, na oscilación entre as tebras e a luz. A luminosidade ten, no fondo do escenario, unha amálgama de sombras onde latexa mecanicamente o espanto. Ás veces, é o claror o que se manifesta, outras, un negror estrañísimo. E é nese negror, na ambivalencia do escenario gótico, onde a Gorgona localizará o seu Aleister, o mago, o home máis perverso do mundo, o Crowley cruel e salaz, o vampiro que afiou os queiros para deixar pegada nas súas amantes:

Despois da vertixe, do abraio desacougante pola visión el da súa arelada
Gorgona, eu da figura obscura da inquedanza medrosa, turbadora, com-
prendimos cómo e cómo nos tiñamos buscado sen sabelo

Con este fragmento entramos xa no “Ciclo do lume”, das erofanías e bengalas, no estraño lugar propicio para encontros animais.

Aquí a autora explora a besta, coa noite detrás, no plenilunio que desenleará as cordas para que salte o instinto, para que tome o lugar que lle corresponde, o protagonismo absoluto, pois o que importa non é a Gorgona e o seu Aleister, senón a animalidade no centro do escenario, o ritual místico do

hedonismo salvaxe. Dá conta o poemario da *vida bestial*, en palabras de Olga Novo, *do culto ó oculto*, da *amarga danza de serpes*... Gústame esa idea de danza, de corpos ensarillados pola urxencia, nunha ansiedade por ser co outro/a e fundirse no abrazo, na sima gozosa do colo despois de tanto buscarse:

DAME un fogar e sanarei as túas costas.
As túas labiais louvanzas as louvanzas únicas.

Así quero que me contes cómo e cánto me buscaches
e que así rememores todos os nomes da ausencia,
...

O eu-poético leva ao punto álxido ese gusto polo inquietante, polas atmosferas estrañas e o misticismo. Profana o templo verbal do relixioso, autodenominándose así: “Son a Cristiana”.

Cristiana por seguir a Cristo, un Cristo humano que perfora o seu *tunel almado* para devorala no estrondo erótico ás escuras, coma un lobo: “E o lombo do lobo en nós ramificándose”.

140

Ofrece tamén o seu corpo de Cristo, coma un “cálice”:

Aproveitas este vómito incontrolado e terrible,
este biobrutal desprendemento do meu cerne,
do animal da miña entraña,
da víscera viscosa que me vive por dentro,
da flor informe que rechea
o meu corpo coma Cálice
e así rebosa os rebordos, rabiosamente, gloriosamente.

Daquela estamos aquí no medio dun potente rebumbio sexual, na espiral libidinosa e anhelosa, no “Ciclo das erofanías”, autenticamente heréticas, brutais e indecorosas.

Yolanda Castaño aparece neste libro desatada, vigorosa, rachando o ceo de níquel. É o seu animal poético que se subleva. Demasiada coerción acabaría coa fermosa besta, coa Gorgona bífida, coa pluralidade sexual do seu Aleister-Cristo, ás veces lobishome vampírico, outras “*bestal con b*” ou “*esmelga do X*”. E como todo o que facemos ou non facemos, do mesmo xeito que o que dicimos

ou calamos, ten connotacións políticas, achamos neste poemario, *Vivimos no ciclo das Erofanías*, unha novísima Yolanda contestataria que reclama o dereito a ter un exército, á propia autonomía emocional, erótica, sexual e, xa que logo, ao falarmos dunha poeta, ao seu dereito a *ser*, a proclamarse executora, axente e xestora da vida íntima, da incontinenxia ou da usura. Todo tipo de límites convértense, baixo a súa pluma, en equívocos moldes. Con *feroz inocencia*, as palabras escritas por Yolanda Castaño nun ciclo de bengalas, de tebras e de luz, leváronnos polos corredores estreitos da poética anterior contribuindo a romper e corromper tanta proclamada ausencia, tanto temor.

Debémolles, eu así o creo, a afouteza de abrir camiños novos. Cómpre non esquecelo.